

NOTA INFORMATIVA DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO SOBRE A ADSCRIPCIÓN Á MESA ELECTORAL CORRESPONDENTE SEGUNDO O CENSO DEFINITIVO

Ante as consultas que poden xurdir en relación coa mesa electoral na que corresponde exercer o dereito de voto, esta Xunta Electoral considera oportuno realizar as seguintes aclaracións.

O **Decreto 16/2018, do 15 de febreiro**, que regula os procesos electorais das federacións deportivas galegas, establece os datos que deben figurar no censo electoral. No caso das persoas deportistas e técnicas, o enderezo que se toma para estes efectos é, con carácter xeral, **o correspondente ao club ao que están vinculadas federativamente**, salvo que se indicase expresamente outro enderezo nos termos previstos pola normativa. As instrucións ditadas pola Secretaría Xeral para o Deporte para o proceso electoral de 2026 reiteran expresamente que, para as persoas físicas, debe constar no censo o enderezo do seu club.

Ese enderezo electoral é o que se tivo en conta para a adscripción das persoas electoras á correspondente mesa electoral de votación. Polo tanto, a mesa na que cada persoa debe exercer presencialmente o seu dereito de voto **vén determinada polo seu enderezo que figura no censo electoral definitivo**, e non polo lugar no que resida ou se atope efectivamente o día das eleccións.

Cómpre lembrar que o proceso electoral contou cunha fase específica de exposición pública do censo provisional, durante a cal as persoas interesadas puideron formular as reclamacións ou solicitar as correccións que considerasen oportunas. Unha vez rematado ese trámite e resoltas as reclamacións presentadas, aprobouse o **censo electoral definitivo**, que é o que rexe a xornada de votación.

Así mesmo, o proceso electoral previu a posibilidade de solicitar o **voto por correo**. A normativa permitía solicitalo desde o día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta modalidade permitía ás persoas electoras que previsen dificultades para acudir presencialmente á mesa que lles correspondese exercer igualmente o seu dereito de sufraxio.

En consecuencia, chegada a xornada electoral presencial, deberá estarse á **adscripción que resulte do censo electoral definitivo**. Non procede modificar nese momento a mesa electoral asignada atendendo ao domicilio real ou á localización circunstancial da persoa electora, pois iso suporía alterar un elemento do proceso que quedou fixado unha vez concluídos os trámites de exposición, reclamación e aprobación definitiva do censo, **todo iso sen prexuízo das decisións que, no exercicio das competencias que lles corresponden, poidan adoptar as respectivas mesas electorais durante o desenvolvemento da xornada de votación**.

A Xunta Electoral realiza esta aclaración con antelación á celebración das votacións co obxecto de que todas as persoas electoras poidan coñecer previamente a mesa electoral que lles corresponde e evitar incidencias durante a xornada electoral.

A Xunta Electoral da Federación Galega de Atletismo